

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 22 DE XUÑO DE 2009
POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS EN
MESTRADOS UNIVERSITARIOS DURANTE O CURSO
2009/2010**

Sumándose ás iniciativas estatais e autonómica, a Universidade de Vigo consciente da importancia de ter en conta a diversidade dos estudos de mestrado estima necesario dispor dunha convocatoria de bolsas en estudos de mestrado oficial con cargo ás partidas orzamentarias dos mestrados descentralizadas nos centros e reflectidas no orzamento da Universidade. Polo tanto,

ESTA REITORÍA

en virtude das facultades que lle outorga a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades, e o Decreto 421/2003, do 13 de novembro, polo que se aprobaron os Estatutos desta Universidade,

RESOLVE convocar bolsas para o alumnado matriculado nos mestrados universitarios que non dispoña doutro tipo de axuda, bolsa ou contrato con entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade. Neste senso convócanse:

1.-Bolsas en dúas modalidades:

- A) Bolsas de axuda aos estudos con dúas cuantías posibles
- B) Bolsas de axuda aos custes de desprazamento para a participación en actividades organizadas polo mestrado en instalacións alleas á Universidade de Vigo.

2.- A presente resolución, xunto coas bases que a regulan e que figuran no Anexo I, serán expostas no taboleiro de anuncios da Reitoría, dos Centros da Universidade de Vigo e na páxina web da Universidade de Vigo e da Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea .

3.- Existirán dúas convocatorias de bolsas por curso académico. O proceso da convocatoria se realizará en dúas fases:

3.1.- Fase I: as comisións académicas dos mestrados oficiais deberán comunicar á Vicerreitoría de Titulacións e converxencia europea as propostas de bolsas en cada unha das convocatorias. Deberán facer constar a aplicación orzamentaria na que se fará o cargo, a modalidade, o nº de bolsas que desexan convocar e, de ser o caso, as condicións específicas dos desprazamentos a subvencionar (Impreso : anexo III)

3.2.- Fase II: unha vez recibidas as propostas, a Vicerreitoría fará pública no taboleiro de bolsas (Reitoría), na web da Vicerreitoría (<http://webs.uvigo.es/victce/>) e na Secretaría do centro de adscrición do mestrado a relación de axudas convocadas en cada mestrado así como o prazo de presentación de solicitudes que figura no punto seguinte.

4.-TIPO DE CONVOCATORIA E CALENDARIO

4.1 Convocatoria restrinxida a estudantes estranxeiros residentes en países non pertencentes ao EEES que se matriculen no período do 1 ao 20 de xullo de 2009:

PROCEDEMENTO	PAZO	RESPONSABLE	LUGAR DE PRESENTACION	PUBLICACIÓN
<i>Fase I: Propostas de bolsas dos Mestrados</i>	23 ao 26 de xuño	Comisión Académica do Mestrado	Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea	Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea Sección Bolsas Secretarías dos Centros
<i>Fase II: Publicación de propostas</i>	Antes do 30 de xuño	Vicerreitoría de Titulacións e C.E.		Web da Vicerreitoría Sección de Bolsas Secretaría dos centros
<i>Presentación de solicitudes</i>	1 ao 20 de xullo	Alumno/a Interesado	Sección de Posgrao Registro	



UNIVERSIDADE
DE VIGO

<i>Acordo provisional</i>	Antes do 25 de xullo	Comisión Académica do Mestrado	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas
<i>Alegacións</i>	Do 26 ao 30 de xullo	Alumno/a interesado	Sección de Posgrao	
<i>Resolución definitiva</i>	31 de xullo	Comisión Académica do mestrado	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas

4.2 Convocatoria xeral

PROCEDEMENTO	PRAZO	RESPONSABLE	LUGAR DE PRESENTACION	PUBLICACIÓN
<i>Fase I: Propostas de bolsas dos Mestrados</i>	16 ao 27 de novembro de 2009	Comisión Académica do Mestrado	Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea	Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea Sección Bolsas Secretarías dos Centros
<i>Fase II: Publicación de propostas</i>	Antes do 4 de decembro de 2009	Vicerreitoría de Titulacións e C.E.		Web da Vicerreitoría Sección de Bolsas Secretaría dos centros
<i>Presentación de solicitudes</i>	14 ao 18 de decembro de 2009	Alumno/a Interesado	Secretaría do centro Rexistro	
<i>Acordo provisional</i>	Antes do 15 de xaneiro de 2010	Comisión Académica do Mestrado	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas
<i>Alegacións</i>	Do 18 ao 22 de xaneiro de 2010	Alumno/a interesado	Secretaría do centro	
<i>Resolución definitiva</i>	27 de xaneiro de 2010	Comisión Académica do mestrado	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas

5.-Os fondos destinados irán con cargo á aplicación orzamentaria 421S482 de cada mestrado oficial, nos subconceptos correspondentes, para o que os responsables da área económica do centro de adscrición deberán achegar os correspondentes certificados da retención de crédito á Sección de Bolsas.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución **Recurso de Reposición**, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na *Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común*

Vigo, a 22 de xuño de 2009

O REITOR,

Alberto Gago Rodríguez

Secretaría Xeral
Servizo de alumnado
Xefes/as de área académica / área económica / administración dos centros da UVI
Administradores/as de Centro
Coordinadores/as dos mestrados oficiais da UVI



<i>Acordo provisional</i>	Antes do 25 de xullo	Comisión Académica do Mestrado	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas
<i>Alegacións</i>	Do 26 ao 30 de xullo	Alumno/a interesado	Sección de Posgrao	
<i>Resolución definitiva</i>	31 de xullo	Comisión Académica do mestrado	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas

4.2 Convocatoria xeral

PROCEDEMENTO	PRAZO	RESPONSABLE	LUGAR DE PRESENTACION	PUBLICACIÓN
<i>Fase I: Propostas de bolsas dos Mestrados</i>	16 ao 27 de novembro de 2009	Comisión Académica do Mestrado	Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea	Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea Sección Bolsas Secretarías dos Centros
<i>Fase II: Publicación de propostas</i>	Antes do 4 de decembro de 2009	Vicerreitoría de Titulacións e C.E.		Web da Vicerreitoría Sección de Bolsas Secretaría dos centros
<i>Presentación de solicitudes</i>	14 ao 18 de decembro de 2009	Alumno/a Interesado	Secretaría do centro Rexistro	
<i>Acordo provisional</i>	Antes do 15 de xaneiro de 2010	Comisión Académica do Mestrado	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas
<i>Alegacións</i>	Do 18 ao 22 de xaneiro de 2010	Alumno/a interesado	Secretaría do centro	
<i>Resolución definitiva</i>	27 de xaneiro de 2010	Comisión Académica do mestrado	Sección de Bolsas	Secretaría do centro Sección de Bolsas

5.-Os fondos destinados irán con cargo á aplicación orzamentaria 421S482 de cada mestrado oficial, nos subconceptos correspondentes, para o que os responsables da área económica do centro de adscrición deberán achegar os correspondentes certificados da retención de crédito á Sección de Bolsas.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución **Recurso de Reposición**, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na *Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común*

Vigo, a 22 de xuño de 2009



O REITOR,

Alberto Gago Rodríguez

Secretaría Xeral
Servizo de alumnado
Xefes/as de área académica / área económica / administración dos centros da UVI
Administradores/as de Centro
Coordinadores/as dos mestrados oficiais da UVI

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE AXUDA AOS ESTUDOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO CURSO 2009-2010

1.- REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

Poderán participar na presente convocatoria as persoas matriculadas a tempo completo (mínimo de 60 ECTS) no curso 2009-2010 nos estudos de mestrado universitario que se detallan de seguido, que non dispoñan doutro tipo de axuda, bolsa ou contrato con entidade pública ou privada para a mesma finalidade.

2.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O impreso de solicitude que debe ser cuberto polas persoas solicitantes figura como ANEXO II e pode obterse nas secretarías de alumnos dos centros, na Vicerreitoría de Titulacións e Converxencia Europea e na páxina web da UVIGO accesible desde <http://eees.uvigo.es>. **As solicitudes serán presentadas nos prazos marcados no apartado 4 da Resolución Reitoral.** A solicitude pode ser entregada na Secretaría de cada Centro no que o/a alumno/a estea matriculado, ou nos rexistros dos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, que as enviarán á Comisión académica do mestrado.

3.- DOCUMENTOS

- Extracto do expediente académico dos últimos estudos universitarios realizados de non estar xa a disposición da Secretaría de alumnos do centro de adscrición do mestrado. Certificación académica detallada dos estudos que deron acceso aos estudos de mestrado na que figuren as calificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico do/a solicitante.

No caso de estudos validados, deberá presentarse tamén a certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

Os/as que acceden ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou diplomada ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico, deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros non estatais deberán achegar, se é o caso, as oportunas táboas de equivalencias oficiais das cualificacións.

- Curriculum Vitae
- Para os solicitantes da convocatoria restrinxida (apartado 4.1), dúas cartas de presentación, preferentemente de docentes ou de persoas con quen o/a solicitante houbera tido algunha relación académica ou laboral.
- No seu caso, copia da solicitude de bolsa de posgrao presentada no Ministerio de Educación.
- No seu caso, copia da solicitude de bolsa de posgrao presentada na Xunta de Galicia.

3.- SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Comisión Académica de cada mestrado procederá á avaliación e selección das solicitudes presentadas en virtude da documentación presentada, con énfase no expediente académico da persoa solicitante así como das referencias que presenta e de os seus estudos e experiencia previa en relación co mestrado correspondente.

A nota media simple do expediente académico dos últimos estudos universitarios realizados calcularase segundo o disposto na Resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo, ponderada pola nota media da titulación de acordo ca listaxe publicada na Convocatoria de Axudas de Investigación do 2009 (<http://www.uvigo.es/investigacion>). No caso de titulacións de segundo ciclo, baremaranse os expedientes tomando a nota media do primeiro ciclo para ese ciclo e a media do segundo ciclo para ese ciclo.

En caso de empate, terase en conta: 1º media do expediente académico, 2º menor número de suspensos, 3º maior número de matrículas de honra.

As persoas solicitantes serán ordeadas priorizando o mellor expediente e a bolsa tipo A1.

As solicitudes dos candidatos e candidatas que non obtiveran a bolsa serán ordenados por orde de preferencia, constituíndo unha lista de agarda para cubrir posibles renuncias.

A Comisión Académica de cada mestrado remitirá á Sección de Bolsas a acta do proceso de selección, que incluírá os/as beneficiarios/as propostos, a lista agarda, e as solicitudes denegadas sinalando a causa de denegación. (modelo no Anexo IV)

Contra o acordo da Comisión Académica que será publicado nos termos previstos nesta convocatoria poderán as persoas interesadas presentar alegacións nos prazos marcados no apartado 4 da Resolución.

Unha vez revisadas as alegacións por parte da Comisión Académica, esta achegará proposta de resolución definitiva á Sección de Bolsas nos prazos marcados no apartado 4 da Resolución.

A adxudicación da bolsa farase, no prazo máximo de 3 meses a contar desde a data de convocatoria por Resolución Reitoral xestionada pola Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea, que incluírá os/as bolseiros/as de cada tipo en cada mestrado, as listas de agarda en cada caso, e as solicitudes denegadas facendo constar a causa de denegación.

A concesión será notificada pola Sección de Bolsas directamente a cada beneficiario/a, entregándolle aos efectos de credencial unha copia da Resolución de nomeamento.

4.- CONTÍA E PROCEDIMENTO DE PAGO

Modalidade A1: a contía das bolsas será de 4.000 € cada unha, a aboar en tres prazos:

- 1) 2.000 € no momento da concesión,
- 2) 1.000 € antes do 30 de novembro de 2009 para a convocatoria restrinxida e 31 de marzo de 2010 para a convocatoria xeral.
- 3) 1.000 € antes do 31 de maio de 2010.

Modalidade A2: a contía das bolsas será de 1.000 € a aboar nun pago único no momento da concesión.

Modalidade B: a contía da bolsa será establecida pola Comisión académica de mestrado oficial e publicada no momento en que se inicie o prazo de presentación de solicitudes

A bolsa aboarase, de non terse realizado aínda o desprazamento no momento da concesión en dous pagamentos, a razón de:



UNIVERSIDADE
DE VIGO

- 1) 80 % da axuda con carácter previo ao desprazamento e en ningún caso antes de 1 mes da data prevista para o mesmo.
- 2) 20 % da axuda ao regreso da actividade académica que precisou a mobilidade e despois de presentar o corresponde certificado da Comisión académica da realización efectiva da mobilidade.

5.- OBRIGAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

- a) Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida. A tal fin entenderase que non cumpren a obriga as persoas que non superen no curso 2009-2010 o 75% dos créditos para cuxa realización obtiveran a bolsa.
- b) Comunicar á Universidade a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade. A comunicación farase mediante escrito dirixido a secretaría de alumnos do centro de adscrición, para o seu envío á Sección de bolsas, ou por correo electrónico a bolsas@uvigo.es
- c) No caso das axudas de desprazamento xustificar a participación na actividade subvencionada segundo o procedemento que a Universidade estableza

6.- RENUNCIA

A renuncia ao disfrute da bolsa deberá ser comunicada por escrito á Sección de Bolsas con 15 días de antelación, e dará lugar ao aboamento das cantidades aboadas.

O posto vacante será ofertado aos/ás candidatos/as da lista de agarda.

7.- REVOGACIÓN

O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións e das obrigas establecidas na presente convocatoria será causa determinante de revogación da axuda e do reintegro por parte da persoa beneficiaria, no seu caso, das cantidades indebidamente percibidas.

8.- INCOMPATIBILIDADES

Esta bolsa é incompatible con calquera outra bolsa, axuda ou contrato concedida por calquera institución pública ou privada para a mesma finalidade.

ANEXO II

**SOLICITUDE DE BOLSA DE MESTRADO OFICIAL
CURSO 2009-20010**

APELIDOS _____ **NOME** _____

DNI _____ **ENDEREZO** _____

TEL. MOBIL: _____ **LUGAR** _____ **PROVINCIA** _____

CORREO ELECTRÓNICO _____

ALUMNO/A DA TITULACIÓN DE MESTRADO UNIVERSITARIO EN

TIPO DE BOLSA/S SOLICITADA/S (Sinálese as que proceda)

- A1-BOLSA DE AXUDA AO ESTUDO DE 4.000 €**
- A2-BOLSA DE AXUDA AO ESTUDO DE 1.000 €**
- B-BOLSA DE AXUDA AOS CUSTES DE DESPRAZAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS EN INSTALACIÓNS ALLEAS Á UVIGO**

Solicita a concesión de bolsa das convocadas por Resolución Reitoral de 22 de xuño de 2009, e declara non ter concedida no presente curso académico ningunha outra bolsa, axuda ou contrato para a realización do mestrado oficial do que se atopa matriculado/a (no caso contrario deberá comunicar o tipo de bolsa e a entidade convocante)

_____, a _____ de _____ de _____

Sinatura

De acordo co previsto na Lei Orgánica 5/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos solicitados neste impreso son necesarios para a tramitación da solicitude e poderán ser obxecto de tratamento automatizado. A responsabilidade do ficheiro automatizado corresponde á Universidade de Vigo, ante ela poderán os solicitantes exercer os dereitos de información, acceso rectificación e cancelación aos que se refire a citada Lei

COMISIÓN ACADÉMICA DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN _____

ANEXO III

SOLICITUDE DA COMISIÓN ACADÉMICA DE CONVOCATORIA DE BOLSAS DE AXUDAS AOS ESTUDOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO. CURSO 2009-2010

De conformidade coa Resolución Reitoral de 22 de xuño de 2009 , solícítase a seguinte proposta

1.- DATOS DO MESTRADO

MESTRADO: _____

CENTRO DE ADSCRICIÓN: _____

COORDINADOR/A: _____

DATA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA: _____

2-DATOS DA SOLICITUDE

ORZAMENTO TOTAL RETIDO:

Nº BOLSAS QUE SE DESEXAN CONVOCAR:

TIPO A1: _____

TIPO A2: _____

TIPO B*: _____

TOTAL BOLSAS SOLICITADAS: _____

*Condições específicas dos desprazamentos a efectuar, de se-lo caso:

_____, a _____ de _____ de 20...

Asdo: O/A coordinador/a do mestrado

SRA. VICERREITORA DE TITULACIÓNS E CONVERXENCIA EUROPEA

ANEXO IV

ACORDO DA COMISIÓN ACADÉMICA

TIPO DE BOLSA (Sinálese a que proceda)

- A1-BOLSA DE AXUDA AO ESTUDO DE 4.000 €**
- A2-BOLSA DE AXUDA AO ESTUDO DE 1.000 €**
- B-BOLSA DE AXUDA AOS CUSTES DE DESPRAZAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS EN INSTALACIÓNS ALLEAS Á UVIGO**

A comisión académica do mestrado universitario _____
reunida con data _____, tendo en conta a Resolución Reitoral de 22 de xuño
de 2009 pola que se convocan bolsas en mestrados universitarios durante o curso 2009/2010, revisadas
e avaliadas as solicitudes presentadas polo alumnado, ACORDA propor o seguinte listado
provisional/definitivo de beneficiarios/as:

- **Proposta de beneficiarios/as:**

Apelidos e nome _____ puntuación _____

- **Lista de agarda**

Apelidos e nome _____ puntuación _____

• Listado de excluídos/as	Causas de exclusión
----------------------------------	----------------------------

Vigo _____ de _____ de 20..